

Venres, 12 de xullo de 2019

Núm. 133

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEVEDRA**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

#### *NOMEAMENTO DE CARGOS QUE TERÁN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA*

*Número de expediente: 2019/NOMCONCELLDEDIC/000001*

#### *DECRETO DO ALCALDE POLO QUE SE NOMEAN AS PERSOAS QUE VAN DESEMPEÑAR OS CARGOS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.*

O día 19 de xuño de 2019 por acordo plenario fixéronse os cargos que se desempeñarían en réxime de dedicación exclusiva.

Visto o artigo 75 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 e 14 do regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións do Concello de Pontevedra que determina que a designación en concreto dos membros que deben desempeñar o cargo en réxime de dedicación exclusiva corresponderá ao Alcalde, esta Alcaldía DECRETA:

PRIMEIRO.—De conformidade co acordo plenario de data 19 de xuño de 2019, determinar que o seguinte cargo se exercerá en réxime de dedicación exclusiva:

a) Designar como concelleiro/a delegado/a que ostenta delegacións de Alcaldía en réxime de dedicación exclusiva a:

Eva María Villaverde Pego (dedicación exclusiva total)

SEGUNDO.—As retribucións dos concelleiros mencionados no apartado a) do punto anterior de conformidade co acordo plenario de 19 de xuño de 2019, serán as mesmas que as fixadas nas bases da execución do orzamento e demais acordos en vigor ata o día 15 de xuño de 2019, para os concelleiros que non son o Alcalde e Tenente de Alcalde Único. De conformidade co acordo plenario de 19 de xuño cada concelleiro con dedicación parcial percibirá cando menos o 50% das retribucións precisadas.

TERCEIRO.—As cantidades sinaladas polo desempeño do cargo en réxime de dedicación exclusiva completaranse coas correspondentes á antigüidade do concelleiro en cuestión, respecto ao posto de traballo que ocupaba como empregado ou funcionario, sempre en cando a entidade de orixe non se fixera cargo de tales. Isto sempre co límite establecido segundo o art. 75 bis.4 da Lei 7/1985.

CUARTO.—Os efectos desta dedicación será con efectos do 3 de xullo de 2019. Para que produzan efectos requírese a aceptación expresa do/a concelleiro/a designado/a ou que transcorra o prazo de tres días hábiles dende a súa designación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:NUM74D2XDQABK34



Venres, 12 de xullo de 2019

Núm. 133

QUINTO.—O presente Decreto será publicado no taboleiro de anuncios do Concello durante quince días así como no BOP e darase conta o Pleno na primeira sesión que se celebre. Así o decreta e orde ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:NUM74D2XDQABK34

